

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2007/11
CARACTER: EXTRAORDINARIO
URXENTE
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 7 de xullo de 2007.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día **7 de xullo de 2007** reuniuse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter EXTRAORDINARIA URXENTE, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando SUAREZ BARCIA e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D. Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D. Horacio Cupeiro Rodriguez

P.P.

D. José Carlos Rodríguez Andina
D. José Duarte Díaz
Dona Begoña Sanjurjo Santar
D. Jesús López Penabad

PSG-PSOE

D. Balbino E. Pérez Vacas.
D. Carlos Pérez Méndez.
Dona María José Rodríguez Arca

U.P.R.I.

D. Francisco Rivas Alvarez
D. Agustín Reymondez Gancedo.

Concelleiros ausentes:

Dona María José Rodríguez Arca (PSG-PSOE)

Secretario Xeral:

D. Fidel Maañon López (acctal.)

Interventor:

D. José Vázquez Cupeiro (acctal.)

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ó estudio dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria, previa citación e por rigoroso orde.

Por parte do Sr.Alcalde manifestase que vai xustificar en primeiro lugar a ausencia da Concelleira do PSOE dona María José Rodríguez Arca que non pode asistir.

2007/01/44.-PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN MOTIVADA POLA NECESIDADE DE CONCRETAR A ADICACIÓN EXCLUSIVA AO CONCELLO POR PARTE DA ALCALDIA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS FUNCIÓNS.

En relación ao asunto epigrafiado polo Sr.Alcalde manifestase que como xustificación deste primeiro punto pouco máis se pode dicir que o que significa o propio título, xa que dende que no outro día o Pleno organizativo da Corporación acordou deixar sobre a mesa este punto e pasaran quince días aproximadamente e despois dunha situación un tanto atípica pensa que era o momento de retomar este asunto para desbloquéalo e que lles pide aos compañeiros de Corporación que se o teñen a ben que aproben a urxencia do tratamento do asunto.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI se manifesta que non ten inconvinte pola súa parte.

Os restantes Grupos asinten tamén e polo tanto polo Pleno Municipal por unanimidade acórdase a apreciación da urxencia da sesión e a subseguinte celebración da mesma.

2007/02/45.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR EXTRAORDINARIA DE PLENO DE DATA 27 DE XUÑO DE 2007.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopias do borrador da acta correspondente á sesión de data 27 de xuño de 2007, números 2007/11 nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2007/03/46.- PROPOSICIÓN DA ALCALDIA RELATIVA Á ADICACIÓN EXCLUSIVA DA ALCALDIA, MODIFICACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E POSTA A DISPOSICIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE LOCAIS NA CASA DO CONCELLO PARA O DESEMPEÑO DA SÚA LABOR MUNICIPAL.

Por parte do Sr.Alcalde procédese á explicación da proposta da Alcaldía que se transcribirá, sinalándose que a primeira parte, a referida a retribución é a mesma que se levou ó Pleno anterior e fai referencia aos acordos acadados na Xunta de Portavoces e que se reflectan na proposta que formula, procedéndose por parte do Sr.Alcalde á lectura destes aspectos, segundo a proposta obrante no expediente , que se transcribe:

“Pola Alcaldía-Presidencia de conformidade co disposto no artigo 75.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, e visto que o artigo 126.2 do Regulamento de Organización,Funcionamento e Réxime Xurídico establece que en supostos de urxencia o Pleno pode adoptar acordos sobre asuntos non dictaminados pola correspondente Comisión

Informativa, dando conta á primeira Comisión Informativa que se celebre, e apreciando a urxencia pola necesidade de garantir o exercicio dos cargos, de xeito inmediato,

Considerando, que é precisa para a adecuada xestión no Concello que o cargo de Alcalde se desenvolva baixo o réxime de adicación exclusiva.

Considerando, que a dotación económica prevista no anterior mandato para o posto da Alcaldía era de 3.597,54 euros/mes e para o Primeiro Tenente de Alcalde de 1.965,85 euros/mes, e que a suma de ambos os dous salarios ascendía a 5.563,39 euros/mes, e que nesta Corporación plantéxase unicamente unha adicación exclusiva que abranguerá o contido das dúas responsabilidades, asignándose ao posto a metade da contía prevista para adicacións exclusivas no seo da Corporación.

Considerando, que é precisa para a adecuada xestión no Concello que o cargo de Alcalde se desenvolva baixo este réxime de adicación exclusiva, resultando un total mensual de 2.781,65 €/mensuais brutos en 14 pagas o que da un total anual de 38.943,73 €.brutos, o que equivale a un importe líquido mensual de 2.081,54 euros.

Considerando que de conformidade co establecido no artigo 13.6 do ROF os cargos políticos con adicación exclusiva da Corporación non poden percibir indemnizacións por asistencia a reunións dos órganos colexiados de que forman parte,

Visto o tratado na Xunta de Portavoces celebrada o pasado día 4 de xullo de 2007, na que se puxo de manifesto, entre outros extremos, que o BNG mantería a maioría na Xunta de Goberno Local e que polo tanto, non podería ceder máis que dous postos na mesma,

PROPOÑO

Que o Concello Pleno adopte os seguintes acordos:

1º. Establecer para a Alcaldía de Ribadeo o réxime de dedicación exclusiva, con efectos da data do Pleno (sábado día 7 de xullo de 2007) , fixándose como réxime retributivo da Alcaldía a percepción 2.781,65 €/brutos mensuais, en 14 pagas, suxeita á actualización anual segundo o que para o persoal do Concello de Ribadeo se estableza nas respectivas Leis de presupostos xerais do Estado e normativa de desenvolvemento.

2º. Modificar a composición da Xunta de Goberno Local no senso de cesar a un dos Concelleiros do Grupo Municipal do BNG adscrito por anterior Resolución desta Alcaldía de data 21 de xuño de 2007 e nomeando para formar parte da mesma a un Concelleiro do Grupo Municipal Popular e outro do Grupo Municipal Socialista, por ser xunto co BNG os Grupos maioritarios da Corporación.

3º. Pór a disposición dos Grupos Municipais deste Concello dous locais ou despachos no edificio da Casa do Concello, dotados do correspondente mobiliario e infraestrutura material necesaria para o desenvolvemento polos mesmos da súa labor municipal de conformidade co disposto no artigo 27 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

4º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

5º. A dación de conta á primeira Comisión Informativa que se celebre, de conformidade co artigo 126.2 do ROF.”

O Sr.Alcalde manifesta que non é positiva a situación que se deu ata o día de hoxe non somentes por él persoalmente senon polos veciños de Ribadeo independentemente da adscrición político - ideolóxica dos mesmos, e que o Alcalde debe estar , cando menos en

horario administrativo , e que entende tamén que houbo argumentos respecto a si na persoa do Alcalde que está a falar non había certo diálogo, e que nunca o creou así pero se houbera algunha dúbida considera que a proposta formulada a enche dabondo.

Indica igualmente que é un caso no que o Grupo municipal de goberno permite ou cede a entrada na Xunta de Goberno, ós grupos municipais, sendo unha facultade atribuída ao Alcalde, e que non o entende como unha chantaxe, nin como unha situación de estar entre a espada e parede, e que o Grupo do BNG saben que teñen unicamente catro membros, saben que a Corporación son trece, e que non é posible con catro persoas chegar a acordos plenarios se non hai diálogo, e que o seu grupo foi o primeiro que tendeu a man a todos, aínda que nesta proposta , como hai dous grupos maioritarios, que tamén é facultativa da Alcaldía , non se da entrada ao Grupo de menos membros e non por ningún capricho , senon porque o Grupo de Goberno non quere quedar en minoría na Xunta de Goberno , e que pensa que é lexítimo e que todo o mundo o debe de entender.

Intervén en primeiro lugar o Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal do UPRI que manifesta que este punto quedou sobre a mesa no pleno anterior a proposta de UPRI por falta de diálogo previo por parte do Alcalde , e que esta petición foi apoiada polo resto dos Grupos da Corporación agás o equipo de Goberno. Que naquel Pleno se falou de propostas que fixeron os diferentes Grupos pero sen contar para nada co Grupo de UPRI e que por iso foi polo que fixeron a proposta de que quedase sobre a mesa pola falta de diálogo, e que non se chegou a entrar na votación da proposta da Alcaldía siquera, aínda que algúns fixeron referencia aos antecedentes de adicacións exclusivas no Concello e outras consideracións sobre o asunto e que agora para que a ninguén lle quede dúbida ten que dicir en primeiro lugar que non está en contra de que o Alcalde de Ribadeo teña a adicación exclusiva, e que é máis , a ten que ter para atender como se merece ao vecindario. E que segue manifestando o mesmo ao día de hoxe , pero que por outra banda ten que dicir que a proposta asumida pola Alcaldía e feita por outro Grupo pretende apartar a UPRI tanto da Xunta de Goberno como de calquera outro órgano, e xa que son dous postos para tres grupos e pregunta tamén cal é o criterio que se seguiu, e pregunta se non podería ser igual que o dos locais, un criterio rotatorio e o pon como exemplo; que se ben son os grupos maioritarios da Corporación efectivamente , UPRI ten dous concelleiros e os apoiaron mil veciños; reitera o Sr.Rivas Alvarez a súa proposta dun criterio rotatorio. Tamén expón o Sr.Concelleiro no uso da palabra como exemplo que se lles podía ter ofrecido unha delegación para que fosen tres postos e non dous e tampouco se fixo , e parece como se o equipo de goberno estivese sobrado para levar todas as delegacións e será o tempo o que quitará ou porá razóns. Que en canto aos locais , dous para os catro grupos obrigará necesariamente a compartilo a menos que se siga o criterio da composición da Xunta de Goberno e nese caso tampouco terían local. Que considera que se fai un avance neste sentido pero que facendo un pequeno esforzo poderíase asignar un local a cada Grupo. E que no que atinxe á asignación económica aos Grupos se manifestarán cando vaia ao Pleno.

Remata a súa intervención o Sr.Rivas Alvarez sinalando que cando non hai norma o correcto sería aterse ao precedente dos anteriores mandatos e non se vai facer, e vaise sentar outro precedente distinto e o próximo Alcalde pode asignarse o soldo que queira , ben teña a maioría absoluta ou en coalición , sen máis explicacións e xa terá o precedente. E aínda que UPRI está para sumar neste caso vaise abster porque o Alcalde cumpriu coa petición de diálogo pero que a oferta da Alcaldía non satisface as expectativas de UPRI que reitera representa cerca de mil veciños de Ribadeo, que se merecen que o Alcalde , sexa do signo que sexa , estea para atendelos.

Intervén o Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que manifesta que este Pleno é consecuencia do que entendían que era unha carencia por parte do Alcalde que quedou subsanada co acordado na Xunta de Portavoces na que xa lle deron como Partido Político o visto e praxe a proposta feita pola Alcaldía e ratificada pola executiva da súa formación política. Que se dan por satisfeitos con este novo avance e que consideran que é a liña que se debe seguir, porque entenden que hai unha necesidade do Grupo de goberno de chegar a acordos , aínda que sexan puntuais , cos Grupos da oposición e reitera que van apoiar, como xa manifestaron, a proposta da Alcaldía.

Intervén a continuación o Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que manifesta que en primeiro lugar no Pleno pasado xa dixeron que de haber diálogo estarían dispostos a apoiar a proposta da Alcaldía, e por pura coherencia houbo diálogo e que aceptouse a proposta que fixo o Grupo Popular, e non lle cabe máis alternativa pola referida coherencia.

Que quere de todas formas aclarar que a negociación hai que entendela, e como dixo o Alcalde, esto non é ningún tipo de chantaxe, e non é nin chalaneo, nin compadreo, e que o goberno municipal ten que facer unha labor e un traballo e nel a adicación exclusiva do Alcalde é fundamental, pero a oposición tamén ten unha labor que facer, e para facer esa labor, que entre outros apartados ten a de control do goberno municipal e o traballo de fiscalización do goberno municipal, tamén necesita medios, e que necesita polo menos os dous medios que hoxe se traen ao Pleno, polo menos participar na Xunta de Goberno e ter un espacio físico para exercer o seu traballo, e que polo tanto isto consiste en que a oposición apoia facilitar o traballo do goberno municipal e o goberno municipal apoia facilitar o traballo da oposición e non é máis que iso.

Prosegue manifestando o Sr. Concelleiro que considera positivo o Pleno e que máis vale tarde que nunca, e que se se houbera feito antes do Pleno anterior se houberan comido este Pleno, que non tiña ningunha necesidade de suceder, e que se alegran de que se lles teña feito caso, e que de todos os xeitos tamén quere aclarar outro asunto, e é que non vale, e non o dí polo Alcalde, senon porque hai un pouco de ambiente no pobo, incluso a través dos medios de comunicación e non vale facer mártires aquí, e ata fai oito anos neste Concello non houbo adicacións exclusivas, e que o primeiro que a tivo foi o Concelleiro que está a falar e ata ese momento o Concello funcionou, e o Concelleiro que está a falar foi Alcalde e estivo catro anos traballando no Instituto e desempeñando o cargo no Concello e non tiña soldo, e que polo tanto non vale dicir que sin isto se pode afundir toda a nave, se ben é mellor e se pode traballar mellor, e pódense facer mellor as cousas, e reitera que non se fagan mártires nin historias donde non as hai.

Manifesta igualmente o Sr. Rodríguez Andina para rematar que o seu grupo agarda que isto sexa un síntoma do que vai ser durante catro anos e que a partir de agora o diálogo sexa fluído e constante tratando de sacar adiante aspectos importantes para os veciños, e manifesta que o seu grupo vai votar a favor da proposta da Alcaldía.

Intervén o Sr. Alcalde que manifesta que este debate é a continuación doutro da sesión anterior, e que por parte da Alcaldía non se vai entrar nun debate profundo porque xa está debatido, e que simplemente a nivel de intención de que os Grupos teñan locais, que poden ter máis e que é un avance e que nunca antes o houbo e que o Grupo do BNG para nada creen estar sobrados e quen o diga está falseando a verdade e que non caiba dúbida de que a partir de agora, e dende o primeiro Pleno de constitución, aparte dos malos entendidos que poidera haber, hai vontade de diálogo, porque é que non queda outra, e que non se trata de falar por falar senon para chegar a acordos, que é o que lles interesa aos veciños e que a ninguén debe sorprendelrle ver falar a unhas con outras e xa que teñen moito que falar, que hai unha serie de problemáticas de máxima importancia que están pendentes e que a ver se dunha vez rematan coa organización do Concello e se poden a traballar, todos, o goberno co deber de impulsar os asuntos e a oposición co deber de fiscalizalos e propoñer melloras e alternativas en todo caso tamén, e entre todos irán sacando os asuntos, polo ben dos veciños.

Pasado a votación o asunto epigrafiado obtén dez votos a favor dos membros presentes dos Grupos municipais do BNG (4), do Partido Popular (4) e do PSG-PSOE (2) e dúas abstencións dos membros do Grupo UPRI, acordándose:

1º. Establecer para a Alcaldía de Ribadeo o réxime de dedicación exclusiva, con efectos da data do Pleno (sábado día 7 de xullo de 2007), fixándose como réxime retributivo da Alcaldía a percepción 2.781,65 €/brutos mensuais, en 14 pagas, suxeita á actualización anual segundo o que para o persoal do Concello de Ribadeo se estableza nas respectivas Leis de presupostos xerais do Estado e normativa de desenvolvemento.

2º. Modificar a composición da Xunta de Goberno Local no senso de cesar a un dos Concelleiros do Grupo Municipal do BNG adscrito por anterior Resolución desta Alcaldía de

data 21 de xuño de 2007 e nomeando para formar parte da mesma a un Concelleiro do Grupo Municipal Popular e outro do Grupo Municipal Socialista, por ser xunto co BNG os Grupos maioritarios da Corporación.

3º. Pór a disposición dos Grupos Municipais deste Concello dous locais ou despachos no edificio da Casa do Concello, dotados do correspondente mobiliario e infraestrutura material necesaria para o desenvolvemento polos mesmos da súa labor municipal de conformidade co disposto no artigo 27 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

4º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

5º. A dación de conta á primeira Comisión Informativa que se celebre, de conformidade co artigo 126.2 do ROF.

Sendo as dez horas e cincuenta minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde levanta a sesión extendéndose de todo isto a presente acta do que eu Secretario dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.